

Vén da páxina 2

formada por 75 empresas son sociedades filiais en 9 países, 25 canteiras, máis de 2.500 empregados e exportación a máis de 70 destinos dos 5 continentes. Dende Cupa Group, o seu director de Comunicación e de Relacións Institucionais, Eliseo López, agradecía este premio e resaltaba “o gran labor que a CEO está reali-



O presidente da Deputación, Manuel Baltar, intervindo na gala da CEO.

O director de Comunicación de Cupa, Eliseo López, recollendo o premio da CEO.

zando para axudarnos ás empresas, no noso caso á internacionalización. A lousa é un produto que se exporta en máis dun 95% e af a confederación préstanos unha gran axuda e apoio. É un reto de futuro poder seguir mantendo e incluso incrementando a nosa produción e exportación, e innovar. De feito, creo que ese é o camiño, a innovación e a sostiabilidade para poder mirar ao futuro con garantías”.

Eliseo López, que recollía esta distinción de mans da presidenta da CEO, engadía que se trata dun “premio á traxectoria empresarial de Cupa, que se iniciou coa unión de 5 empresarios de Valdeorras e do Bierzo. Ese comezo marcou o desenvolvemento posterior de Cupa xa que dende o primeiro momento eses 5 empresarios pensaron en grande, había un liderado forte e unha aposta por crear unha gran empresa que, co paso dos anos ata hoxe, converteuse na primeira produtora mundial de lousa para cubertas. Para todos os traballadores de Cupa, loxicamente, supón un orgullo estar nesta compañía e poder seguir apostando polo futuro da lousa, axudando ademais e devolvendo ás comarcas rurais todo o que nos dan”.

Tamén eran premiados pola CEO o Grupo Pérez Rumbao, na categoría de empresa familiar, unha firma de cuarta xeración cun século de vida. Como empresa innovadora destacábase a Formato Verde, que desenvolve contedores intelixentes para fomentar a reciclaxe de lixo orgánico. Por outra banda, o Grupo Cuevas resultaba distinguido como empresa sosti-

mentres que o recoñecemento á traxectoria empresarial recaía en Vinos y Bodegas Gallegas polos seus máis de 50 anos de percorrido, “fíeis á súa esencia e diversificados cara o enoturismo nestes momentos”. A Responsabilidade Social de Coren era merecedora do galardón nesta categoría e Concepción López, presidenta da Asociación de Empresas de Limpeza de Edificios e Locais de Ourense, recollía o galardón de empresaria do ano, “un recoñecemento que

A gala do 45 aniversario da CEO conta coa presenza de numerosos representantes empresariais e institucionais. Entre eles estaban o presidente da CEOE, Antonio Garamendi, quen felicitou á confederación e recoñeceu o seu labor; e o conselleiro delegado de Abanca, Francisco Botas, que incidía no “papel dos empresarios e das empresas na sociedade, afirmando que a súa importancia vai moito máis alá do económico, é máis, son fundamentais



ao mesmo tempo serve para enxalzar o labor e esforzo realizado durante a pandemia, desenvolvendo unha tarefa fundamental na loita contra a crise sanitaria”, segundo a CEO.

Así mesmo premiábase en conciliación a Megatech Industries Orense, “un caso de éxito na implementación de políticas de igualdade”. Roberto Verino Difusión recibía o premio á dixitalización empresarial e Aceites Abril o de integración laboral. E na categoría de comercio, a distinción era para Lencería Eva, establecemento histórico da cidade de Ourense.

para o funcionamento dun país”. Tamén interviña o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, para quen a CEO “ten amosado nestes 45 anos que é un actor absolutamente vital na representación do tecido empresarial ourensán e no fomento da súa competitividade”. Finalmente, tomaba a palabra o vicepresidente primeiro da Xunta e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, Francisco Conde, quen subliñaba o papel da confederación “como propulsora do desenvolvemento económico e empresarial da provincia”.

Os hospitais de Valdeorras e Verín suman un especialista en Oncoloxía. Páx. 33



En Portada

O Casino do Barco recupera o premio ‘Barquense do Ano’. Páx. 37



Xornadas do 80 aniversario da Federación de Guerrillas León-Galicia. Páx. 39



A VALORACIÓN DAS ASOCIACIÓNS COMARCAIS DE EMPRESARIOS*



RAÚL MATO
Presidente de Establecementos Asociados do Ribeiro (EAR)

1.- O Ribeiro, ano tras ano, xera un fluxo económico moi importante a través dos seus recursos, todos eles naturais (o viño, as augas termais, a pedra, a madeira, a historia), pero diversas razóns como a pouca unión entre os diferentes sectores económicos, a política partidista, a falta emprendedores e as dificultades para investir, fan que ese diñeiro non se reinvesta na zona, onde se xeraría unha “economía circular” para situar á nosa comarca como referente da provincia.

2.- Este novo ano afrontáremolo con ilusión e ganas de seguir achegando novas ideas e axudando aos nosos socios na súa actividade comercial e motivando ao cliente para que realice as súas compras no comercio de proximidade. Ás distintas Administracións pediríamollas que poñan en valor o esforzo que realiza o pequeno comercio e as Pemes para manter aberto cada día o noso negocio. A inestabilidade que xera un marco regulatorio demasiado cambiante, un novo sistema de cotización, a falta de financiamento e as vendas on-line crean no noso sector unha inseguridade á hora de investir.

3.- A CEO é o noso “irmán maior” e co que compartimos a información e as novidades nos diferentes ámbitos laborais, fiscais, axudas á exportación... O que nos permite promocionar, impulsar e defender os dereitos dos nosos asociados. A aportación chéganos a través da Federación Galega de Comercio, que coas súas campañas e promocións axuda a mellorar as vendas e beneficia aos nosos clientes con premios en tarxetas prepago para gastar nos comercios asociados a EAR (Establecementos Asociados do Ribeiro).



FÁTIMA MOREIRA DUERTO
Presidenta da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Cortegada

1.- Logo de varios anos de sucesivas crises socioeconómicas, ¿como cualificaría a situación económica e empresarial da súa comarca? ¿cales son as súas principais demandas como asociación?

2.- ¿Con que expectativas afrontan o novo ano 2023? ¿que lle pedirían ás administracións (tanto locais, como provinciais, galegas e estatais)?

3.- A súa asociación forma parte da CEO, que vén de cumprir 45 anos, ¿como valora o labor que desenvolve a nivel provincial e de que xeito colabora coa súa asociación?

* O Periódico O SIL tratou de recabar tamén a opinión doutras asociacións de empresarios da provincia como ro-Limia e a Asociación CCA do Carballiño, sen que fora posible contar coa súa participación ao peche desta edición.



ARACELI FERNÁNDEZ DEL PALACIO
Presidenta da Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA)

sectores económicos. Tanto no que respecta ás comunicacións por estrada como aos servizos públicos de transporte (de mercancías e de viaxeiros), Valdeorras presenta importantes déficits. No que respecta ás administracións locais, a principal demanda céntrase na axilización dos procedementos administrativos para a concesión de licenzas, porque as empresas precisan celeridade cando poñen en marcha os seus proxectos. A administración galega tería que implicarse máis coas demandas comarcais que son competencia da administración estatal, non só porque se trata de reivindicacións históricas e produto do sentir xerado da sociedade valdeorresa, senón tamén porque o déficit de comunicacións está provocando un grave illamento. As demandas para o goberno central concretáanse na necesidade de impulsar os trámites necesarios para iniciar os proxectos dos tramos da autovía A-76 que están mais avanzados. AEVA ten o firme compromiso de continuar buscando os apoios precisos para lograr a mellora das comunicacións ferroviarias e viarias, e nesta liña xa mantivemos unha reunión co Círculo Empresarial Leonés, entendendo que Valdeorras e Bierzo temos que sumar unha importante oportunidade de atraer talento, innovación e crecemento.

2.- A principal demanda é a mellora das infraestruturas viarias para posibilitar o axeitado desenvolvemento dos

sectores económicos. Tanto no que respecta ás comunicacións por estrada como aos servizos públicos de transporte (de mercancías e de viaxeiros), Valdeorras presenta importantes déficits. No que respecta ás administracións locais, a principal demanda céntrase na axilización dos procedementos administrativos para a concesión de licenzas, porque as empresas precisan celeridade cando poñen en marcha os seus proxectos. A administración galega tería que implicarse máis coas demandas comarcais que son competencia da administración estatal, non só porque se trata de reivindicacións históricas e produto do sentir xerado da sociedade valdeorresa, senón tamén porque o déficit de comunicacións está provocando un grave illamento. As demandas para o goberno central concretáanse na necesidade de impulsar os trámites necesarios para iniciar os proxectos dos tramos da autovía A-76 que están mais avanzados. AEVA ten o firme compromiso de continuar buscando os apoios precisos para lograr a mellora das comunicacións ferroviarias e viarias, e nesta liña xa mantivemos unha reunión co Círculo Empresarial Leonés, entendendo que Valdeorras e Bierzo temos que sumar unha importante oportunidade de atraer talento, innovación e crecemento.

3.- En calidade de organización que aglutina os intereses das asociacións e

pesar da difícil situación que hoxe atravesamos.

3.- Agradécémolle á Confederación Empresarial de Ourense que apoie ás diferentes asociacións que a conformamos, sendo unha ponte entre as organizacións gubernamentais e o comercio local, coa finalidade de lograr accións de desenvolvemento en conxunto que contribúan a paliar a crise que hoxe vivimos.



JOSÉ ÁNGEL RODICIO
Xerente da Asociación de Empresario de Verín (AEVER)

1.- Como ben preguntas, levamos unha década e media de crises. Todas elas pasaron factura ao tecido empresarial e, en especial, ás Pemes, motor principal da nosa economía. Se facemos unha radiografía da nosa comarca vemos como o sector servizos se vai adaptando aos novos tempos. A nosa asociación, AEVER, segue a aumentar en número de compositos, a día de hoxe está composta por 160 socios. A comarca ten Pemes de peso económico, pero aínda así, non son suficientes para dar saída laboral a unha poboación de 14.000 habitantes. Nos últimos tempos o sector vinícola parece ser o que máis se está a desenvolver, ocupando un espazo importante no panorama nacional e internacional, seguindo das castañas do Ríos ou os pementos de Oímbra, todos produtos locais que están alcanzando gran prestixio no mercado. ¿Que demanda AEVER? Aínda que a comarca de Verín xa conta cun polígono industrial en Pazos, é ben sabido por todos que ten moitas carencias, dende a súa localización en solo inundable ata a falla de terreo para poder acomodar a novas empresas. AEVER leva anos na loita polo desenvolvemento do polígono de Tamagos, proxecto que se aprobou no ano 2011. Vai máis dunha década ao longo da cal pasaron gobernos de todas as cores pero por algún motivo, totalmente incomprensible e despois dun importante investimento económico por parte da Xunta na compra dos terreos, segue varado. Pode que algún pense que isto é algo alleo ao comercio, pero dende a asociación estamos convencidos de que o seu funcionamento é un motor fundamental para o desenvolvemento de todos. Se hai postos de traballo hai traballadores que se asentan, que compran, que invisten que innovan... en definitiva, que fan vida. Nos últimos tempos fálase

moito de discriminación positiva para zonas rurais, de despoboamento, da España vaciada... pero en realidade queda todo en faladurías. Na práctica non se ven políticas cun camiño firme de actuación, que teñan unha liña de traballo definida para cambiar as cousas. Por exemplo, temos máis de 400 transportistas, podíamos ter un porto seco como solicitamos fai tempo, pero claro Benavente é unha realidade e o noso é fume, coma o circuíto de velocidade, a BMV... Temos unha ubicación inmillorable, entrada da Meseta, entrada de Portugal, parada do AVE a vinte minutos, o porto de Vigo moi próximo... Ás veces penso que ese é o verdadeiro problema, a nosa comarca ten moito e cando tes moito, como vas tirando, confórmasse con pouco.

2.- Imos afrontar o 2023 con ilusión, con forza, as malas novas xa son de sobra coñecidas por todos. Parece que hai boas novas no turismo, o investimento que se vai pór en marcha no Castelo de Monterrei converteríanse en parada obrigatoria para os turistas, vainos destacar no mapa. Pola nosa parte temos que ofrecer máis, coller o tren e pormos en valor. Temos un gran potencial para explorar, hai viño, auga, gastronomía e por suposto BO COMERCIO. Ás administracións pregámoslles que apoiem aos sectores produtivos, que tomen contacto coa realidade, que sexan xestores do noso capital humano e dos nosos recursos e que abandonen os litixios políticos que non nos levan a ningún porto. Hai un campo moi amplo por desenvolver nos ciclos formativos para formación profesional, titulacións que xa foron reclamadas polo IES García Barbón, nas ramas da robótica, márketing dixital e novas tecnoloxías. Formacións acordes coas demandas laborais que xurden do calor do desenvolvemento tecnolóxico. A formación é un dos piares fundamentais para xerar riqueza e benestar.

3.- Coa CEO temos unha estreita relación, de feito pertencemos á xunta directiva, temos apoio en todo o que precisamos. Exemplo desta relación é a instalación dunha das dúas oficinas de “Conecta Ourense” en Verín, mantéñennos informados das novas a diario, proctirannos asesoramento legal cando é preciso, desfrutamos das vantaxes dos seus convenios con bancos, aseguradoras, tarxetas para os combustibles... Parabéns por eses 45 anos e que sigan traballando coma sempre o fan.